

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO
Servizo de Traballo e Economía Social

CONVENIO O ACORDO:

ADHESIÓN DO PERSOAL DO SERVIZO DE LIMPEZA DO HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DO REBULLÓN E CENTROS DE ESPECIALIDADES DE COIA E DOBLADA ADSCRITOS Á EMPRESA CLECE, SA, AO DO PERSOAL DE LIMPEZA DO HOSPITAL XERAL-CÍES

Código de Convenio número 36100011022014

Visto o Acordo de Adhesión do Persoal do Servizo de Limpeza do Hospital Psiquiátrico do Rebullón e Centros de Especialidades de Coia e doblada adscritos á empresa Clece, SA, ao Convenio Colectivo do Persoal de Limpeza do Hospital Xera. – Cíes, subscrito en representación da parte económica, por unha representación da empresa e da parte social polo delegado de persoal en data 19 de maio de 2014.

Primeiro. – Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 30 de xullo de 2014.

Segundo. – Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. – Que o artigo 90.2 y 3 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo. – Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro. – Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,

A C O R D A:

Primeiro. – Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo. – Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro. – Ordenar a notificación desta Resolución a Mesa Negociadora do mesmo.

ACORDO DE ADHESIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO HOSPITAL DO REBULLÓN, COIA E DOBLADA, ADSCRITOS Á EMPRESA CLECE, S.A., AO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL DE LIMPEZA DO HOSPITAL XERAL CÍES

Vigo, a 19 de maio de 2014

ASISTENTES:

Pola representación empresarial:

Alberto Silva – Clece, S.A.

Mónica Valiño – Clece, S.A.

Pola representación social:

Alexis Macía Díaz – Delegado Personal

Rosa M^a Acuña Salgado – Asesora UGT

En Vigo, nas instalacións da empresa CLECE, S.A., sendo as 13.00 horas do día arriba sinalado, reúnen os representantes dos traballadores e da empresa no marco das negociacións da adhesión do convenio colectivo. Asisten as persoas apuntadas anteriormente. Recoñecéndose mutuamente lexitimados ambas partes para asignar este acordo, deciden:

1. Aprobado a adhesión ao convenio colectivo asinado pola empresa CLECE, S.A. para os anos 2014-2015 para os traballadores da limpeza do Hospital Xeral Cíes. As partes acordan remitirse ao texto literal do mencionado convenio colectivo por igual período de vixencia. Estas condicións serán aplicables ao persoal que presta servizo de limpeza no Hospital do Rebullón, Coia e Doblada
2. Sendo a empresa Clece, S.A. a mesma unidade produtiva para ámbolos dous hospitais (Xeral Cíes, Rebullón, Coia e Doblada) e sendo o mesmo concurso de limpeza e contrato co Sergas.
3. Se chega a este acordo segundo o previsto no artigo 92 do Estatuto dos Traballadores, adherirse ao convenio do persoal de limpeza do Hospital Xeral Cíes de Vigo.
4. A partir do 1 de maio de 2014 as pagas extraordinarias incluírán a retribución do complemento de Produtividade e Específico.
5. Facúltase ó sindicato pra que, a través da persoa que esta designe, encárguese dos trámites de rexistro e publicación da mesma.

Chegado a este punto e non habendo nada máis que tratar, levántase a sesión, sendo asinada a presente acta por todos os asistentes.

Vigo, a 23 de setembro de 2014.—A Xefa Territorial, María Rita Peón Fernández.

2014008128

Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación

GRUPO TRABAJADORES DEL CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CTAG)
INDEPENDIENTES DE CTAG (I DE C)

Expediente 36/945

De conformidade co disposto no artigo 4 do Real decreto 873/1977, do 22 de abril de desenvolvemento da Lei 19/1977, do 1 de abril, así como na LO 11/1985, e para os efectos previstos nel, faise público que na Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación desta Xefatura Territorial, foron depositados a acta de constitución e os estatutos do GRUPO TRABAJADORES DEL CENTRO TECNOLÓGICO DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CTAG) – INDEPENDIENTES DE CTAG (I DE C), que abranguen os seguintes ámbitos:

- *Territorial*: Provincia de Pontevedra.
- *Profesional*: Traballadores e traballadoras que hayan tenido y/o tengan vinculación contractual con el CTAG.

Asinan a acta de constitución: Josefina Alonso Nocelo como Secretario General e nove persoas máis.

Os estatutos depositados, poderán ser examinados por calquera persoa interesada.

Vigo, a 30 de setembro de 2014.—A Xefa Territorial, María Peón Fernández.

2014008366